



O Parlamento convoca 8 bolsas de formación para universitarios

- **As bases poden consultarse na web do Parlamento e o prazo para a presentación de solicitudes está aberto ata o 4 de novembro**

Santiago, 18 de outubro de 2013.- O Parlamento de Galicia ven de convocar 8 bolsas para a formación práctica de titulados universitarios que poderán solicitarse ata o vindeiro 4 de novembro.

As bases da convocatoria están publicadas e poden consultarse na web do Parlamento de Galicia:

<http://www.parlamentodegalicia.es/sitios/web/contenidogal/informacioninstitucional/Becas.aspx>

En concreto ofrécense 4 bolsas de formación en arquivo, biblioteca e documentación, 1 bolsa para comunicación institucional, 1 para publicacións e 2 para informática.

Estas bolsas de formación enmárcanse nun protocolo asinado entre o Parlamento de Galicia e as tres universidades galegas en maio de 2010 e a actual convocatoria constitúe a cuarta edición das mesmas.

A actividade formativa que os bolseiros desenvolven na Cámara galega está permanentemente tutelada polos responsables e demais persoal técnico das unidades do Parlamento de Galicia ás que son asignadas as persoas seleccionadas en cada convocatoria.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.